



Concello de
OURENSE

59/21. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29 DE DECEMBRO DE 2021

Na cidade de Ourense, o vinte e nove de decembro de dous mil vinte e un, *sendo as catorce horas (14h:00')*, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente e primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: *Excmo. Sr Alcalde-Presidente: D. Gonzalo Pérez Jácome. Srs/as. Concelleiros/as: Don Jorge Pumar Tesouro, Dona Flora Moure Iglesias e D. Armando Ojea Bouzo*, que actúa como *Concelleiro-Secretario da Xunta, non asiste D. Telmo Manuel Ucha Álvarez e Dona Ana María Fernández Morenza*, -asisten como invitados: A Oficial Maior, dona Silvia Alonso Fernández; o Interventor Municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez; e o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez; non asiste a letrada, dona Ana Blanco Nespereira-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

1.- Aprobouse por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor) a ratificación da urxencia da sesión.

PERSOAL E RECURSOS HUMANOS

2.- Oferta de Emprego Público do Concello de Ourense correspondente ao exercicio 2021 (prazas de acceso libre). Expediente nº 2021044716.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

1º) Aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente ao exercicio 2021, na que se inclúen as seguintes prazas de acceso libre:

- 2 Traballadores Sociais. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Media. Grupo A, subgrupo A2.
- 5 Operarios. Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais. Clase: Persoal de Oficinas. Agrupacións profesionais sen requisito de titulación.
- 2 Conserxes. Escala de Administración Especial. Subescala de Servizos Especiais. Clase: Prazas de Cometidos Especiais. Agrupacións profesionais sen requisito de titulación.
- 1 Médico/a da Unidade Asistencial de Drogodependencias. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior. Grupo A, subgrupo A1.
- 1 Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Media. Grupo A, subgrupo A2.
- 2 Técnicos/as de Administración Xeral. Escala de Administración Xeral. Subescala Técnica. Grupo A, subgrupo A1.
- 1 Educador/a Social do Centro de Información Municipal da Muller. Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Media. Grupo A, Subgrupo A2.

Con respecto á reserva de prazas para persoas con discapacidade, a reserva establécese nunha das prazas de conserxe. As bases do proceso selectivo poderán prever que no caso de quedar



deserta esta praza, se acumule á convocatoria xeral de prazas de acceso libre para a súa cobertura polos aspirantes desta quenda.

O proceso selectivo aplicable será, en tódolos casos, o de concurso – oposición.

2º) **Ordenar** a publicación da oferta de emprego no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.

3.- Modificación nº 2/2021 da Relación de Postos de Traballo do Consello Municipal de Deportes de Ourense (modificación do posto de Xefatura da Administración do Consello Municipal de Deportes). Expediente nº 2021035042.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor), acordou:

1º) **Desestimar** íntegramente a reclamación formulada por don José Manuel Rodríguez Fernández contra a aprobación inicial da modificación 2/2021 da Relación de Postos de Traballo do Consello Municipal de Deportes, polos motivos expostos no informe do Coordinador Xeral da Administración Municipal de data 29 de decembro de 2021, cuxo contido notificarase ao interesado a efectos de motivación do presente acordo.

2º) **Aprobar** de forma definitiva a modificación nº 2/2021 da Relación de Postos de Traballo do Consello Municipal de Deportes, co seguinte contido:

Modifícase o posto de traballo da Xefatura do Consello Municipal de Deportes, quedando configurado nos seguintes termos:

- **Denominación do posto:** Xefatura da Administración do Consello Municipal de Deportes
- **Código do posto:** CMD001
- **Número de postos:** 1
- **Natureza xurídica:** funcionario.
- **Adscripción orgánica:** Xerencia do CMD
- **Carácter:** singularizado.
- **Clasificación profesional:** Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica / Escala de Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, Subescala de Secretaría, Intervención – Tesourería e Secretaría - Intervención / Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Clase de Prazas de Cometidos Especiais, Categorías: Técnico Superior Universitario de Administración Financeira e Tributaria / Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Superior, Categoría: Economista Municipal.
- **Subgrupo de titulación:** A1.
- **Complemento de destino:** 28.
- **Complemento específico:** 19
- **Requisitos específicos de desempeño:** ningún
- **Forma de provisión:** Libre designación. Posto aberto á súa cobertura por persoal doutras administracións públicas.
- **Funcións do posto:**
 - Asistir a tódalas sesións do Concello Reitor, con voz pero sen voto
 - Formar a proposta de orzamentos do Consello Municipal de Deportes, asistido pola Xerencia, a Intervención e persoal designado ao efecto.
 - Informar ao Consello Reitor nas sesións ordinarias, asistido do persoal que se designe, do estado de caixa e movemento de fondos.
 - Executar as ordes de pagamento acordadas pola Presidencia
 - A xestión económico – financeira, en canto ao manexo e custodia de fondos, valores e efectos
 - Dirección contable e financeira e formación da Conta Xeral do CMD
 - Dirección da xestión tributaria e recadatoria do Consello Municipal de Deportes.





- A formación do inventario de bens do Consello Municipal de Deportes
- Dirección da xestión dos expedientes de recursos humanos do CMD
- Dirección da xestión de expedientes de contratación do CMD
- Dirección da xestión de expedientes de subvencións do CMD
- Elaboración de informes e propostas de resolución no ámbito das súas funcións.
- Prestación de asistencia e asesoramento ao resto de unidades administrativas do CMD no que se refira á tramitación de expedientes de de xestión de ingresos e gastos
- Funcións de secretaría das Mesas de Contratación, Comisións de Valoración ou órganos colexiados análogos do CMD, sen prexuízo da posibilidade da súa encomenda a outro personal do organismo.
- Manexo de aplicacións informáticas precisas para a realización das súas funcións.
- Calquera outra función análoga propia do posto ou categoría profesional, así como calquera outra que poida atribuírle a normativa vixente.

3º) Ordenar a publicación do texto íntegro da modificación no Boletín Oficial da Provincia, así como a súa comunicación á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos legalmente previstos.

4º) Notifíquese ao interesado, coa indicación de que contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ou ben acudir, de forma directa e alternativa, á vía xudicial interpoñendo recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses. Non poderán interpoñerse de forma simultánea ámbolos dous recursos. Os prazos indicados computaranse de data a data a partir do día seguinte ao da recepción da notificación. En todo caso, o interesado poderá interpoñer calquera outro recurso que estime procedente.

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

4.- Aprobación, se procede, do expediente para contratar a subministración de 40 autobuses en tres lotes para o servizo municipal de transporte urbano colectivo do Concello de Ourense. (Expediente núm. 2021033555)

O PP solicita a retirada do expediente da orde do día para un mellor estudo, por non despoñer dos informes que obran no mesmo.

Ante a discrepancia dos membros da Xunta de Goberno, o Sr. Alcalde somete a votación a retirada do expediente. Cos votos a favor do PP e os votos en contra de DO mantense o expediente na orde do día en virtude do voto de calidade do Alcalde.

A continuación a sometese a aprobación a proposta do acordo, e cos votos a favor de DO e os votos en contra do PP, resulta aprobada polo voto de calidade do Alcalde, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente para contratar, mediante procedemento aberto, e tramitación ordinaria o subministro de 40 autobuses en tres lotes para o servizo de municipal de transporte urbano colectivo do Concello de Ourense, coa correspondente aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e do prego de prescricións técnicas, e por importe global de 13.999.700 euros (11.570.000,00 € de principal e 2.429.700,00 de IVE).

2º.- Acordar a aprobación do gasto por importe de 13.999.700 euros (RCs con números de



operación 20210069658 e 20210071935) con cargo á aplicación orzamentaria 100 4411 62400 do orzamento municipal vixente.

3º.- A adxudicación do presente contrato condicionase a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria indicada.

4º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, polos tramites do procedemento aberto.

E non habendo máis asuntos que tratar, o *Excmo. Sr Alcalde-Presidente*, levantou a sesión ás catorce horas e quince minutos (14h:15'), do que como *Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local* dou fe.

